

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

Departamento de Vento Metal

A proba de acceso específica suporá o 60 % do total da cualificación da proba de acceso aos estudos superiores de Música. O 40 % restante corresponderá á media do expediente académico do título profesional de Música do/da aspirante .

Características da proba específica de acceso:

Especialidade de Interpretación (excepto itinerario de Jazz). A proba consistirá:

- **Parte A:** interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade axeitada ao nivel de acceso a estes estudos.

Criterios de valoración parte A:

Valoración programa a interpretar: 20%

Control técnico do instrumento: 20%

Calidade do son: 20%

Expresividade: 20%

Estilo: 20%

Nota importante:

O/a aspirante entregará ao tribunal antes da realización da parte A, unha relación do programa a interpretar incluída a minutaxe de cada obra ou estudo.

O/a aspirante presentará tres copias das obras ou estudos a interpretar.

O tribunal poderá solicitar en calquera momento os orixinais das obras ou estudos.

- **Parte B:** análise dunha obra ou fragmento musical a proposta do tribunal.

- **Parte C:** lectura a 1ª vista.

Criterios de valoración parte C:

Control técnico do instrumento: 25%

Calidade do son: 25%

Expresividade: 25%

Estilo: 25%